

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 17 DE OUTUBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 08:20 horas do día 17 de outubro de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 14 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada (asiste ao punto 14)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "humanización estrada provincial 2001- Calvario A Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), lugar de Porto" (108-441)**

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 3 de outubro de 2019, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
2. UTE AUDECA, S.L.U, y MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)

Durante o prazo concedido, ambos os dous licitadores presentaron documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

Nas datas 9 e 10 de outubro de 2019 a enxeñeira industrial de Vías e Obras, o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento emitiron informe sobre as xustificacións presentadas no que conclúen que "*Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para*



considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
2. UTE AUDECA, S.L.U, y MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)

#### **9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

##### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "humanización estrada provincial 2001- Calvario A Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), lugar de Porto" (108-441)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos o 15 e 16 de outubro de 2019 de valoración do C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

#### **10.- Propostas de clasificación/clasificación**

##### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "humanización estrada provincial 2001- Calvario A Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), lugar de Porto" (108-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial de Vías e Obras, o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento os días 9 e 10 de outubro de 2019:

1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
2. UTE AUDECA, S.L.U, y MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:37	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A444-E6E352-EA8HD8-T2W6NC-DALXFF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

"humanización estrada provincial 2001- Calvario A Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), lugar de Porto" (108-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE ORECO, S.A.U. - NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	97,94
2	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	95,55
3	CIVIS GLOBAL, S.L.	93,30
4	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	92,02
5	UTE CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. - CONSTRUCCIONES JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS, S.A.	84,34
6	NAROM, S.L.	83,12
7	EXTRACO CONSTRUCCIONES E PROXECTOS, S.A.	82,16
8	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	75,27
9	COPCISA, S.A.	72,87

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. - NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

#### 14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

##### a) Procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congresos (23.062-332)

Dáse conta do recurso interposto o 3 de outubro de 2019 por D. David García Plata-González, en representación de EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A. contra o acordo de adxudicación adoptado pola Xunta de Goberno local o 1 de outubro.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 08:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

